

apertura das ofertas do sobre C se atrase, farase pública a nova data mediante notificación por fax aos licitadores presentados e no perfil do contratante.

f) Publicidade de resultados: as datas e os resultados das aperturas dos sobres A, B e C, así como das adxudicacións provisional e definitiva, faranse públicas no perfil do contratante.

g) Garantía definitiva: cinco por cento (5%) do orzamento base de licitación, IVE excluído, para cada un dos contratos indicados no punto 2 anterior.

9. Gastos de anuncios: serán por conta dos adxudicatarios proporcionalmente aos orzamentos de licitación dos contratos.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2009.

José Luis Romero Valeiras
Presidente da Empresa Pública de Obras
e Servizos Hidráulicos

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 11 de marzo de 2009, da Zona Sur, pola que se anuncia a apertura dunha convocatoria pública para presentar a solicitude de instalación de terrazas de hostalaría nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia (provincia de Pontevedra).

Co obxecto de tramitar adecuadamente as solicitudes de empresas e particulares de instalación de terrazas como complemento do seu negocio hostaleiro, anúnciase a apertura dunha convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións para a instalación de terrazas de hostalaría nos portos da Comunidade Autónoma de Galicia (provincia de Pontevedra), polo período de quince (15) días contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, que se rexerá polo prego de bases e de condicións aprobados para os efectos, que estarán á disposición dos interesados nas oficinas da zona sur de Portos de Galicia, sitas na r/ Benito Corbal, 37-3º, 36001 Pontevedra e na páxina web de Portos de Galicia www.portosdeg Galicia.com.

Ábrese, así mesmo, un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar por escrito nas oficinas mencionadas anteriormente as alegacións que consideren oportunas relativas a esta convocatoria.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2009.

Jacinto Parga Fernández
Presidente de Portos de Galicia

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Anuncio do 17 de marzo de 2009, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se empraza o interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia no expediente 15R002/119/08.

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación personal por dúas veces, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado pola instrutora do expediente, do Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o Servizo Provincial do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na praza Luis Seoane s/n (edificio administrativo Monelos, 2º andar, ala norte) da Coruña, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado para comparecer.

A Coruña, 17 de marzo de 2009.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial do Instituto Galego
de Consumo

ANEXO

Expediente: 15R002//08.

Interesado: *Hipermuebles del Noroeste, S.L.*
CIF: B-15834591.

Acto notificado: proposta de resolución.

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 25 de marzo de 2009 pola que se acorda o inicio, polo procedemento de taxación conxunta, e se somete a información pública o expediente expropiatorio dos bens e dereitos que se precisa ocupar para a execución do proxecto sectorial do parque empresarial de Leixa, Ferrol (A Coruña).

1. O parque empresarial de Leixa, Ferrol (A Coruña) forma parte das propostas incluídas no Plan sectorial de ordenación territorial de áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado